

Greenalia encarga por 64 millóns a Elecnor levantar 5 parques eólicos en Vimianzo e Oourol

AGN
SANTIAGO. O grupo de orixe vasca Elecnor está construíndo cinco parques eólicos promovidos por Greenalia nas provincias da Coruña e Lugo por 64,3 millóns de euros. Nun comunicado, a compañía informou onte de que o contrato, que tamén abrangue o mantemento, a operación e o control durante os 24 primeiros meses, inclúe a instalación de 19 turbinas, 14 delas nos parques de Vimianzo (Miñón, Croa I, Croa II y Monte Tourado). As outras cinco operarán no parque de Oourol.

Os cinco desenvolvementos eólicos sumarán unha potencia total á rede de 74,22 megavatios, capaces de suministrar a 45.000 fogares. O parque de Miñón está en fase de operación e mantemento, mentres que a construción do de Oourol completouse recentemente. Os outros tres están en fase inicial de execución.

Ademais da instalación das turbinas, Elecnor tamén terá que construír dúas subestacións de 132 e 66 kilovatios e ocuparse da instalación dunha liña aérea de alta tensión de oito quilómetros. O grupo, que ten sede en Madrid, tamén se encargará de instalar todas as redes de media tensión e fibra óptica e dos traballos de deseño e construción das infraestruturas civís dos parques.

Presente en 55 países, a compañía que preside Jaime Real de Asúa abarca o desenvolvemento de infraestruturas, enerxías renovables, servizos e novas tecnoloxías. Ten 14.855 traballadores e facturou 2.454 millóns no 2019.

FERNANDO GULDRÍS DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)

► Contribuír a que comercios, pemes e autónomos salven a súa «viabilidade» en plena pandemia é o obxectivo do programa de consultoría en rede que activou a Xunta. Os seus 60 técnicos axudan a atopar fontes de ingresos, fidelizar clientes e planificar as obrigas fiscais, entre outros aspectos.

«Máis de 600 empresas galegas utilizan o asesoramento gratuito de Igape Responde»

POR: V.N. (AGN)
FOTO: EP

Cantas empresas se levan beneficiado do programa Igape Responde?

Polo momento, máis de 600 son usuarias do programa da Xunta, que é totalmente novidoso. Para recibir este asesoramento, só hai que acceder á web responde.igape.es e cubrir o apartado de solicitar. A partir de aí, recibirán a chamada dun profesional que lles axudará. **Que tipo de consultas atende o servizo? Todos os servizos son de balde?** Igape Responde ofrece asesoramento, totalmente gratuito, a comerciantes, pemes e autónomos en cinco ámbitos diferentes: de negocio, financeiro, operacións, persoas e en ámbito xeral. As principais consultas están centradas en medir o impacto da covid-19 e na reorientación dos negocios. Tamén chegan dúbidas sobre o Erte e sobre como se deben adaptar os establecementos ás esixencias que marca o novo contexto socioeconómico.

Que problemáticas son as que máis preocupan a autónomos e pemes?

Destacaríaa a necesidade de seguir xerando ingresos e, polo tanto, a importancia de saber adaptarse á situación actual onde, por exemplo, ten maior transcendencia contar coa capacidade precisa para prestar os seus servizos en liña. Tamén detectamos a especial importancia que os negocios lle prestan a que os seus clientes gañen en confianza, así como captar outros novos e incluso mellorar a motivación dos seus equipos.

Perciben que a crise sanitaria colleu a moitas empresas cos deberes sen facer en xestión de redes sociais, vendas online ou co teletraballo?

A presenza na rede é moi diferente segundo o tipo de empresa. En calquera caso, a través do ámbito de 'negocio' do programa estamos axudando a empresas e autónomos a mellorar a súa visibilidade e promoción en liña. Facémolo a través da elaboración de contidos dixitais, do deseño e lanzamento de campañas con condicións comerciais novas, como descontos ou lotes, ou coa incorporación de produtos a plataformas e-commerce. E por suposto, reprogramando os contidos para adaptalos á situación actual.

Cal é o perfil dos técnicos?

Son profesionais cunha ampla experiencia laboral nestes cinco ámbitos nos que ofrecemos apoio de balde e que se suman ao equipo do Igape Responde. Concretamente, máis de 60 expertos forman parte do equipo técnico do Igape. Todos eles levan tempo dedicados ao asesoramento de pemes e de autónomos.

Que tipo de asesoramento financeiro brindan?

Contamos cunha ferramenta de replanificación das débedas comerciais, con accións que permiten xerar liquidez; e en segundo lugar, a posibilidade de planificar as obrigas fiscais para atender os pagos ante a Axencia Tributaria. Por outra parte, incluímos unha medida de busca de financiamento e avais e hai unha cuarta medida encamiñada á xestión de cobro e

liquidez de accións comerciais.

Que sectores perciben que se tiveron que endebedar máis coa crise?

A economía galega en xeral está demostrando un mellor comportamento que a media estatal. Os principais parámetros, coma o PIB, o emprego ou as exportacións, así o indican. Pero iso non implica que nos relaxemos. É necesario seguir nesta liña de acompañamento do noso tecido empresarial, especialmente de pemes, microempresas e autónomos. Contamos con sectores industriais que amosan un comportamento máis positivo, como as TIC ou o agroalimentario, pero é certo que hai outros con máis dificultades polas características da pandemia e polas necesarias medidas sanitarias que se tiveron que adoptar para velar pola saúde. Así, entre os sectores afectados están a hostalería e o comercio. Estamos axudando aos usuarios a reinventar a súa actividade e a posicionarse como negocios seguros. Sempre pode haber unha saída para identificar novas fontes de ingresos ou establecer novos acordos de colaboración comerciais, loxísticos ou operativos para que o negocio teña continuidade.

Todo o servizo de consultoría do programa se presta online?

Así é. De feito, tamén estamos apoiando a moitos autónomos na creación de video-tutoriais para que manteñan o seu servizo a clientes.

Nalgunha medida, este servizo cobre un papel que debera xogar a CEG? Igape Responde é un complemento



Fernando Guldrís.

Axudamos ás empresas usuarias a reinventar a súa actividade e a posicionarse como negocios seguros»

doutros servizos xa existentes. Este programa é algo totalmente novo, nace para dar resposta á situación insólita que vivimos. Queremos axudar a manter a viabilidade dos negocios galegos. Desde a Xunta temos claro que a recuperación debe vir do traballo en equipo, do esforzo e o compromiso colectivo de todos os axentes sociais e económicos. Por iso, avogamos desde o primeiro momento pola colaboración público-privada.

LABOLSA

VALOR	ÚLTIMO	DIF.%	MÁX.	MÍN.
ABENGOA (B)	0,0062	0	0	0
ABENGOA A	0,0161	0	0	0
ACCIONA	127,1	1,11	127,5	123,7
ACERINOX	9,614	2,04	9,66	9,352
ACS	29,04	0,45	29,04	28,49
ADOLFO DGUEZ	4,7	-1,67	5,1	4,64
AEDAS HOMES	20,85	0	20,95	20,6
AENA	138	-2,34	138,8	135,3
AIRBUS SE	90,89	-1,53	91,62	90,3
AIRTRIAL	0,133	2,31	0,133	0,1252
ALANTRA PART	13,4	1,52	13,4	13,1
ALMIRALL	11,95	2,75	11,95	11,58
AMADEUS	56,32	0,21	56,48	55,7
AMPER	0,196	0,2	0,196	0,1926
AMREST	6,13	3,2	6,18	6,1
APERAM	34,78	-2,19	35,52	34,78
APPLUS SERVI	8,865	-0,62	9	8,84
ARCELORMITT.	20,17	2,41	20,17	19,53
ARIMA	8,5	-0,93	8,5	8,5
ATRESMEDIA	3,234	0,5	3,234	3,176
AUDAX	2,215	-0,45	2,26	2,175
AZKOYEN	5,08	1,6	5,08	5
B.SABADELL	0,3902	2,33	0,3935	0,38
BANKIA	1,5205	-0,39	1,5325	1,5165
BANKINTER	4,86	1,69	4,897	4,754
BARON DE LEY	110	0	110	110
BAVIERA	13,3	0	13,2	13
BBVA	4,14	1,27	4,152	4,057
BERKELEY	0,415	1,72	0,421	0,4085
BIOSEARCH	1,48	1,37	1,488	1,438
BO.RIOJANAS	3,18	-1,85	3,4	3,18
BORGES-BAIN	2,9	0	2,9	2,88
C.A.F.	39,45	1,41	39,5	38,5

VALOR	ÚLTIMO	DIF.%	MÁX.	MÍN.
CAIXABANK	2,228	0,22	2,237	2,209
CAM	1,34	0	0	0
CASH	0,809	-0,86	0,822	0,8
CCEP	39,85	-0,75	40,15	39,75
CELLNEX	46,86	0,6	47,86	46,62
CEVASA	7,25	0	0	0
CIE AUTOMOT.	21,96	2,43	21,96	21,32
CLEOP	1,15	0	0	0
CODERE	1,442	3	1,46	1,39
COEMAC	2,87	0	0	0
CORP.FI.ALBA	39,95	1,14	39,95	39,2
D.E.ANCLAJE	9	0	0	0
D.FELGUERA	0,765	4,37	0,776	0,724
DCHOS SACYR	0,041	0,24	0,0425	0,0401
DCHOS IBERDR	0,1692	-0,24	0,1703	0,1678
DEOLEO, S.A.	0,257	0,39	0,257	0,2505
DIA	0,1223	-1,21	0,1232	0,1221
DOMINION	4	2,7	4,05	3,9
EBRO FOODS	18,2	0	18,34	18,12
EDREAMS ODIG	3,915	1,82	3,915	3,825
ELECNOR	10,95	1,86	11,1	10,7
ENAGAS	18,26	1,22	18,26	17,94
ENCE	3,552	2,45	3,575	3,4
ENDESA	22,32	-0,76	22,47	22,09
ERCROS	2,39	9,38	2,4	2,15
EUSKALTEL	9,32	-0,32	9,4	9,28
EZENTIS	0,428	0,94	0,431	0,4115
FAES	3,955	3,67	3,955	3,775
FCC	9,24	-1,49	9,38	9,24
FERROVIAL	20,81	0,77	20,91	20,48
FLUIDRA	21,5	3,86	21,5	20,7
GAM	1,2	0,84	1,22	1,17
GESTAMP	3,9	0,67	3,914	3,81
GR.CCCIDEN	30	0,17	30,05	29,8

VALOR	ÚLTIMO	DIF.%	MÁX.	MÍN.
GREENERGY	33,4	-1,76	33,8	32,4
GRIFOLS	24,62	2,03	24,83	24,05
GRIFOLS B	16,1	1,26	16,26	15,8
IAG	1,809	-0,71	1,81	1,76
IBERDROLA	11,89	-0,21	11,915	11,805
IBERPAPEL	17,4	-0,57	18	17,35
INDITEX	26,2	0,54	26,23	25,91
INDRAA	7,375	2,43	7,385	7,16
INM.COLONIAL	8,085	0,06	8,11	7,945
INM.DEL SUR	8,2	0,74	8,28	7,96
IAR ESPAÑA	4,94	1,86	4,94	4,8
LIBERBANK	0,237	0,64	0,2385	0,233
LINGOTES	11,85	-1,25	11,95	11,85
LOGISTA	16,68	0,48	16,86	16,58
MAPPRE	1,585	-0,63	1,592	1,577
MEDIASET	4,582	1,1	4,65	4,47
MELIA HOTELS	5,81	1,4	5,835	5,635
MERLIN PROP.	8,115	3,05	8,23	7,985
METROVACESA	6,55	-0,76	6,6	6,4
MIQUEL COSTA	14,56	1,11	14,56	14,28
MONTEBALITO	1,4	-3,45	1,47	1,4
NATURGY	19,885	-0,82	19,985	19,655
NATURHOUSE	1,81	-5,48	1,905	1,78
NEINOR H.	11,08	-1,42	11,24	10,92
NEXTIL	0,552	0,73	0,566	0,55
NH HOTELS	3,39	-1,31	3,435	3,36
NICOL.CORREA	5,14	0,78	5,22	5
NYSEA	0,0095	9,2	0,0101	0,0087
OHL	0,7	-2,64	0,7395	0,6975
ORYZON	3,96	2,19	3,985	3,86
PESCANOVA	0,552	-2,3	0,58	0,552
PHARMA MAR	87,6	4,66	88,35	84
PRIM	9,64	0	9,44	9,42
PRISA	0,917	2,8	0,919	0,888

VALOR	ÚLTIMO	DIF.%	MÁX.	MÍN.
PROSEGUR	2,59	0,31	2,624	2,566
QUABIT	0,3945	1,68	0,3955	0,386
R.E.C.	16,09	-1,26	16,29	16,09
REALIA	0,69	0	0,69	0,69
REIGJOFRE	4,72	2,16	4,8	4,56
RENO M.CONV.	0,7	0	0	0
RENO M.S/A	1,074	6,97	1,074	0,986
RENTA 4	6,88	1,18	6,88	6,68
RENTA CORP.	2,04	-4,23	2,15	1,98
REPSOL	8,672	0,23	8,716	8,52
ROVI	43,7	0,92	44	42,7
SACYR	1,95	0	1,959	1,914
SAN JOSE	4,5	-0,99	4,55	4,325
SANTANDER	2,738	0,64	2,75	2,692
SERVICE P.S.	1,15	0	1,19	1,145
SIEMENS GAM	34,1	-0,41	34,44	33,58
SOLARIA	26,28	1,31	26,56	25
SOLARPACK	26,7	2,69	27,4	25,5
SOLTEC	11,9	-1,49	12,32	11,54
TALGO	4,42	0,34	4,455	4,295
TECNICAS REU	11,37	-0,35	11,49	11,27
TELEFONICA	3,735	-0,4	3,746	3,68
TUBACEX	1,468	0,14	1,48	1,462
TUBOS REUNI.	0,246	3,58	0,249	0,234
UNICAJA	0,6645	1,14	0,6735	0,659
URBAS	0,02	5,26	0,0209	0,0192
VERTICE 360	3,73	-3,37	3,845	3,7
VIDRALA	91,1	0,89	91,9	90,3
VISCOFAN	60,55	0,41	60,75	59,85
VOCENTO	1,09	-0,46	1,125	1,08
ZARDOYA OTIS	5,69	0,18	5,75	5,66

PRINCIPALES INDICADORES

IBEX 35	Últ. 8.254,50	Dif.% 0,29
DOW JONES	Últ. 30.991,50	Dif.% 0,00
EUROSTOXX 50	Últ. 3.602,67	Dif.% 0,09
NIKKEI	Últ. 27.568,15	Dif.% 2,66
DAX 30	Últ. 13.848,30	Dif.% 0,44
FTSE	Últ. 2.058,80	Dif.% 0,17

METALES

MATERIAS PRIMAS	PRECIO
Oro	1.853,85
Plata	25,25
Petróleo Brent	54,80
Platino	1.095,00
Paladio	2.392,00
Aluminio	2.000,50
Cobre	7.925,50

DIVISAS

MONEDA	1 EURO
Dólar EE.UU.	1,2072
Libra esterlina	0,8892
Yen japonés	125,1880

CRIPATOMONEDAS

NOMBRE	PRECIO (USD)	NOMBRE	PRECIO (USD)
Bitcoin	35.654,50	Bitcoin Cash	485,01
Ethereum	1.218,88	Litecoin	147,15